

# PROGRAMA

## COVID-19 e vacinas. Quen pode máis?

**Federico Martinón Torres**

Coordinador e Xefe do Servizo de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago

## Por que algúns teñen problemas graves coa COVID e outros son asintomáticos? A xenética do hóspede

**Ángel Carracedo Álvarez**

Catedrático de Medicina Legal da Universidade de Santiago e Director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

## A importancia da química na loita contra a Covid-19

**Marisa Juanes Carrasco**

Doutora en Ciencia e Tecnoloxía Química pola Universidade de Santiago

## Sistemas epidemiolóxicos de alerta temperá: entendendo a evolución da pandemia da COVID-19 en augas residuais

**Margarita Poza Domínguez**

Investigadora sénior do Instituto de Investigación Biomédica e profesora asociada da Universidade da Coruña

## MESA REDONDA

Que podemos facer para mellora-la loita contra esta pandemia

**Jorge Mira Pérez** (director das Aulas Científicas 2021), **Ángel Carracedo Álvarez** (Catedrático de Medicina Legal da Universidade de Santiago), **Federico Martinón Torres** (Coordinador e Xefe do Servizo de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago), **Luis Verde Remeseiro** (Xerente da Área Sanitaria Integrada da Coruña-Cee)

DISPONIBLE A PARTIR DO  
10 DE XUÑO NA SEGUINTE LIGAZÓN

[dacoruna.gal/patrimonio/aulas-cientificas-2021](http://dacoruna.gal/patrimonio/aulas-cientificas-2021)



**A Luz da  
Ciencia**  
DOLMEN DE DOMBATE  
AULAS CIENTÍFICAS 2021

MÁIS INFO EN  
[www.cabana.gal/astronomiadombate](http://www.cabana.gal/astronomiadombate)




# A LUZ DA CIENCIA

DOLMEN DE DOMBATE

AULAS CIENTÍFICAS 2021  
DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

XORNADA II  
OS SEGREDOS DA  
COVID-19





## ÁNGEL CARRACEDO ÁLVAREZ

Catedrático de Medicina Legal da USC e Director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Comité de dirección do CIBER de Enfermedades Raras (CIBERER).

Actualmente investiga na xenética do cancro, as enfermidades psiquiátricas en idade infantil, as enfermidades raras e a farmacoxenómica. Publicou máis de 8 libros e 800 traballos de investigación e impartido máis de 3000 conferencias invitadas en máis de 70 países.

Membro do equipo directivo de sociedades científicas nacionais e internacionais de xenética, farmacoxenómica, cancro e medicina forense. Membro de organismos reguladores e axencias (Axencia Europea do Medicamento, Forensic DNA Regulator UK, Comité da Cruz Roja Internacional, Consorcio Internacional de Enfermedades Raras, Tribunal Penal Internacional da Haya, etc). Membro do consello asesor de numerosos centros de investigación nacionais e internacionais e departamentos ministeriais.

Presidente do padroado da Fundación Kaertor (para busca precoz de fármacos), Fundación INGADA (sobre atención e estudo do TDAH e trastornos asociados) e outras fundacións e asociacións sen ánimo de lucro.

Recoñecementos destacados: Premio Rey Jaime I de investigación, Medalla Adelaida, Medalla Galien, Medalla de Ouro de Galicia, Premio Nacional de Xenética, Cruz ao Mérito Policial, Cruz ao Mérito da Guardia Civil, Medalla de Ouro e Brillantes do Colexio Médico, Premio Fernández Latorre, Premio Prismas de Divulgación, Premio Galicia de Investigación, Medalla Castela, Premio Novoa Santos. Doutor Honoris Causa por dez universidades de Europa e América. Membro de varias Academias a nivel nacional e internacional.



## MARGARITA POZA DOMÍNGUEZ

Doutora na USC no 2002 no eido da biotecnoloxía microbiana.

Realizou varias estadias de investigación e en 2006 uniuse ao equipo de microbioloxía clínica do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña, onde actualmente traballa como investigadora principal. Desde 2018 é profesora asociada tipo 3 de microbioloxía na Universidade da Coruña. Publicou 58 artigos científicos indexados en JCR que xeraron un índice h de 30. Presentou máis de 110 comunicacións a reunións científicas nacionais e internacionais. Participou en máis de 25 proxectos de investigación de convocatorias competitivas e participou como investigadora principal nun proxecto rexional e en catro proxectos nacionais concedidos polo ISCIII consecutivamente desde 2011 ata hoxe. Dirixiu 9 teses de doutoramento e 24 traballos de investigación. Na actualidade as súas liñas de investigación principais son o estudo do microbioma e o seu impacto na saúde humana e a epidemioloxía baseada en augas residuais.



## MARISA JUANES CARRASCO

Doutora en Ciencia e Tecnoloxía Química pola USC en 2019.

Durante a realización da súa tese publicou 5 artigos científicos. En 2017 realizou unha estadia predoutoral no Instituto Curie de Paris no grupo de biofísica da Prof. Patricia Bassereau. A súa experiencia investigadora caracterízase por ter un marcado carácter multidisciplinar, desde a química de péptidos ata a bioloxía molecular, pasando pola caracterización de nanomateriais. Participou estreitamente en procesos de colaboración con empresas como Syngenta e é co-inventora dunha patente. Na actualidade traballa no grupo de Javier Montenegro no proxecto TraffikGene (ERC Proof-of-Concept) para a creación dunha empresa de base tecnolóxica.

## FEDERICO MARTINÓN TORRES (@fedemartinon)



Doutor en pediatría e investigador clínico, coordinador e xefe do Servizo de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago (2016), Xefe de Pediatría Clínica Infectolóxica e Traslacional (2013) (3 anos consecutivos recoñecida como mellor unidade de infecciosas de España – Premios BIC), Académico Correspondente da Real Academia de Medicamento e Cirurxía de Galicia (2001) e Profesor Titular de Pediatría da USC. Coordina a Unidade de Investigación en Vacinas e o Grupo de Xenética, Vacinas, Infeccións e Pediatría (GENVIP – [www.genvip.org](http://www.genvip.org)) do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (Premio Zenda de traxectoria de investigación). Acumula un factor impacto +1.900 (JCR 2019). Coordina ademais a Rede Española de Ensaos Clínicos Pediátricos (RECLIP; [www.reclip.org](http://www.reclip.org)) e o WHO collaborating centre for Vaccine Safety de Santiago ([www.whochus.sergas.es](http://www.whochus.sergas.es)). Colabora como experto asesor e é membro do comité técnico asesor en vacinas (ETAGE) da Organización Mundial da Saúde. [www.serviciodepediatriasantiago.es](http://www.serviciodepediatriasantiago.es)